

**XORNADAS INTERNACIONAIS DE DIDÁCTICA DA FILOSOFÍA
SANTIAGO DE COMPOSTELA – 14-16 DE NOVEMBRO DE 2024**

A Asociación Nexos de Didáctica da Filosofía e a Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela organizan as [Xornadas Internacionais de Didáctica da Filosofía](#), que se celebrarán na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela os días 14, 15 e 16 de novembro de 2024.

A [Asociación Nexos de Didáctica da Filosofía](#) é unha asociación sen ánimo de lucro, integrada por profesorado de Filosofía, que se dedica a atender cuestións relativas á didáctica da materia, tanto en formación do profesorado como no fomento e organización de eventos de tipo filosófico.

A [Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela](#) celebra neste ano 2024 o 50 aniversario da súa fundación.

Estas Xornadas concíbense como un espazo de encontro de carácter internacional para toda a comunidade filosófica, no que se abordarán diversas temáticas e experiencias filosóficas relativas á educación e á didáctica da Filosofía, para que poidan servir como orientación na práctica filosófica en diferentes ámbitos e modelos educativos.

É por isto que invitamos a toda a comunidade filosófica, tanto nacional como internacional, a participar presentando as súas **Comunicacións**, de forma que poidamos coñecer a actualidade da investigación no eido da didáctica da Filosofía.

Estas Xornadas conteñen un interese específico, tanto para o profesorado de secundaria como para o alumnado universitario de Filosofía, ao terse solicitado o recoñecemento institucional como actividade formativa para os primeiros, e académica para os segundos.

A inscrición nas Xornadas terá un carácter aberto e gratuíto. As prazas dispoñibles estarán limitadas á capacidade de aforo dispoñible.

As Xornadas incluírán conferencias, mesas redondas, obradoiros, presentacións de experiencias e comunicacións. As comunicacións serán sometidas a avaliación cega por parte do comité organizador. Terase en conta a calidade científica e a conexión co tema das Xornadas. Todas as propostas de contribución, sexa cal sexa o seu idioma, deberán incluír un breve resumo en galego ou castelán, para facilitar a comprensión e o debate entre todos os participantes.

**XORNADAS INTERNACIONAIS DE DIDÁCTICA DA FILOSOFÍA
SANTIAGO DE COMPOSTELA – 14-16 DE NOVEMBRO DE 2024**

Características das propostas de comunicacións:

- Formato: Times New Roman, 12, entreliñado 1,5.
- Extensión aproximada: entre 1600 e 4000 palabras.
- Resumo: entre 200 e 400 palabras.
- Bibliografía da comunicación (máximo cinco referencias).
- Cinco palabras clave.
- Breve nota biográfica da autora ou autor (máximo 200 palabras).

O tempo de presentación das comunicacións será de 5 minutos.

As linguas oficiais serán as do Estado español e as de máis amplo uso académico en Europa e América (inglés, francés, alemán, italiano e portugués).

Datas: 14 a 16 de novembro de 2024.

Lugar: Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela.

Data límite para envío de propostas: 8 de novembro de 2024.

Organizan: Asociación Nexos de Didáctica da Filosofía e Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela.

Inscripcións para o profesorado galego de secundaria:

<https://www.edu.xunta.gal/fprofe/preparaConsultaPublica.do>

Referencia da actividade: G2402010

Inscripcións para o profesorado e alumnado da Facultade de Filosofía:

Secretaría do Decanato de Filosofía zfildeca@usc.es

Outras inscricións: inscricions@nexosfilosofia.gal

Comunicacións: comunicacions@nexosfilosofia.gal

Contacto: xornadas@nexosfilosofia.gal e <https://nexosfilosofia.gal/xornadas>

Elección de actividades simultáneas: <https://nexosfilosofia.gal/xornadas/obradoiros>